

## REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 25/09/2019 16:40:48

SAIDA 10419/19

Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº RSC TG 102/2019

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 19 de xullo de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 19 de setembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

### ANTECEDENTES

**Primeiro.** [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 19 de xullo de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resolución, de data 19/6/2019, do Xefe do Servizo de Planeamento e de Xestión urbanística do Concello de Ourense, pola que se lle dá acceso, previo pago de taxas para a obtención de copia da documentación do "Documento da revisión e adaptación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de 1986".

O reclamante indicaba que a resolución que se lle notificou, se recoñece o acceso á información, pero condiciónase a mesma ao previo pago dunhas taxas municipais para a súa entrega en formato papel (fotocopias). O interesado afirma que non solicitou a entrega en papel dos documentos senón que expresamente o solicitou en formato electrónico, e que toda a información solicitada existe en formato electrónico, pois foi elaborada nese formato e non existe ningunha necesidade de traspoñer a mesma. Considera que existe por tanto unha denegación implícita do acceso solicitado e que se vulnerou o principio de gratuidade no seu dereito de acceso á información.

O escrito viña acompañado de copia da resolución impugnada e do seu DNI.

**Segundo.** Con data 12 de agosto de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Concello de Ourense para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 16 de agosto de 2019, sen que se recibise o informe e copia de expediente solicitado.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 19 de Xuño de 2019 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 19 de Xullo de 2019, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O artigo 22.4 da Lei 19/2013, establece que o acceso á información será gratuíto, podendo dar lugar á esixencia de exaccións nos termos previstos na Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, ou, no seu caso, conforme á normativa autonómica ou local que resulte aplicable, nos casos nos que se solicite a expedición de copias ou a transposición da información a un formato diferente ao orixinal.

No mesmo senso, a Disposición adicional cuarta da Lei 1/2016, referida aos custos de acceso á información, establece a gratuidade do acceso, podendo a obtención de copias e a transposición a formatos diferentes do orixinal, estar suxeitas ao pagamento das taxas establecidas na normativa da Comunidade Autónoma de Galicia sobre o particular, taxas ou prezos que de ser esixibles, deben ser de coñecemento por parte da cidadanía, por ser esta unha garantía establecida no artigo 24.2.d) da referida Lei.

Resulta claro por tanto, que o principio que debe rexer no acceso á información pública por parte da cidadanía é o de gratuidade, sendo unicamente esixible o cobro de taxas ou prezos nos casos nos que sexa necesaria a realización de copias, por non existir a información solicitada en formato electrónico ou por solicitalo así o cidadán, ou nos casos nos que sexa necesaria a transposición da información a un formato diferente ao existente.

No presente caso, o interesado afirma que non solicitou a información en formato papel senón en formato electrónico e que esa información foi elaborada pola Administración en formato electrónico polo que non é necesaria transposición de formato. Non consta no expediente, por non ser remitida copia da solicitude inicial polo interesado, nin o informe e copia do expediente polo Concello de Ourense, se a solicitude do interesado foi neses termos e que non é necesaria a transposición da información, pero en todo caso, ante o

incumprimento por parte do Concello da súa obriga de facilitar á Comisión da Transparencia a información solicitada de acordo co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, débese presumir que o interesado, tal e como afirma, solicitou a información en formato electrónico e que non é necesaria a súa transposición, polo que non procede a esixencia de abono de taxas solicitado polo Concello.

De acordo co anterior, en base ao principio de gratuidade establecido na normativa, e non dándose no presente caso as excepcións que a normativa establece para o cobro de taxas, procede a estimación da reclamación presentada.

Debe lembrarse ao Concello de Ourense, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obriga de facilitar á Comisión a información que se lle solicite para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

## ACORDA

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 19 de xullo de 2019, contra a resolución, de data 19/6/2019, do Xefe do Servizo de Planeamento e de Xestión urbanística do Concello de Ourense, pola que se lle da acceso, previo pago de taxas para a obtención de copia da documentación do "Documento da revisión e adaptación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de 1986".


**Segundo:** Instar ao Concello de Ourense, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Concello de Ourense, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada ao reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-

administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019



María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**